DEPUTACIÓN PROVINCIAL
A CORUÑA

Servizo de acción social, educación, deportes e mocidade

Expediente: 2025000034985

RESOLUCIÓN POLA QUE SE APROBA A CONCESIÓN DEFINITIVA DE SUBVENCIÓNS CORRESPONDENTES AO PROGRAMA FOCVAA: PROGRAMA DE SUBVENCIÓNS A ENTIDADES SEN ÁNIMO DE LUCRO PARA O MANTEMENTO DE PROGRAMAS SOCIOSANITARIOS DURANTE O ANO 2026

DON **VALENTÍN GONZÁLEZ FORMOSO**, Presidente da Deputación Provincial da Coruña,

Mediante resolución da Presidencia número 9799 do 9 de marzo de 2026, que foi publicada no BOP do 12 de marzo de 2026, concedeuse de forma provisional, as subvencións da convocatoria FOCVAA: Programa de subvencións a entidades sen ánimo de lucro para o mantemento de programas sociosanitarios durante o ano 2026, abrindo un prazo de 10 días hábiles, contados a partir do día seguinte ao da publicación da resolución provisional no Boletín Oficial da Provincia, para que os solicitantes puidesen comunicar, se é o caso, a desistencia da solicitude, presentar solicitude de reformulación, presentar alegacións ou emenda de erros. Transcorrido o devandito prazo de 10 días sen que por parte dos solicitantes se formulase desistencia expresa, a subvención considerarase aceptada tacitamente.

Visto que finalizou o prazo concedido aos interesados pola resolución devandita e vistas as solicitudes de reformulación ou de cambio de obxecto, alegacións, emendas e desistencias que os interesados presentaron.

Vistos o informe do Servizo de acción social, educación, deportes e mocidade e o informe do Servizo de Fiscalización.

RESOLVO:

Primeiro.- Aprobar a concesión das subvencións incluídas as reformulacións correspondentes ao Programa FOCVAA: Programa de subvencións a entidades sen ánimo de lucro para o mantemento de programas sociosanitarios durante o ano 2026, aos entidades sen animo de lucro seguintes:

Solicitudes	Importe subvención	Coef	Pto. Subvencionado que se ha xustificar
Beneficiario: ANHIDACORUÑA ASOCIACION DE NIÑOS CON HIPERACTIVIDAD Y DEFICIT DE ATENCION **NIF:** G70245717 **Cod. Exp.:** 2025000055404 **Obxecto:** AP-2 APOIO PSICOLÓXICO PARA PERSOAS AFECTADAS POLO TDAH E AS SÚAS FAMILIAS	22.724,99	0,3500	64.928,54
Beneficiario: ASOC.COMPOSTELA ESCLEROSE MULT.PARKINSON, ELA, OUTRAS ENFERMID.NEURODEXENERATIVAS E ENFERM.RARAS **NIF:** G15528813 **Cod. Exp.:** 2025000055638 **Obxecto:** AP-3: ASESORAMENTO XURÍDICO, TRABALLO SOCIAL, E COORDINACIÓN INTERDISCIPLINAR	23.517,74	0,8000	29.397,18
Beneficiario: ASOCIACION CORUÑESA DE ESCLEROSIS MULTIPLE **NIF:** G15510266 **Cod. Exp.:** 2025000055490 **Obxecto:** AP-1: PROGRAMA DE XESTIÓN E COORDINACIÓN DA REHABILITACIÓN	40.000,00	0,4697	85.160,74
Beneficiario: ASOCIACION DE BULIMIA Y ANOREXIA DE A CORUÑA **NIF:** G15582695 **Cod. Exp.:** 2025000052034 **Obxecto:** AP-1: INTERVENCION TERAPÉUTICA NOS TRASTORNOS DA CONDUTA ALIMENTARIA	26.520,00	0,4000	66.300,00
Beneficiario: ASOCIACION DE CANCER INFANTIL Y JUVENIL DE GALICIA (ASANOG) **NIF:** G70349360 **Cod. Exp.:** 2025000055611 **Obxecto:** AP-3: Programas de información/orientación, PSICOLOXÍA E TRABALLO SOCIAL EN CANCRO INFANTIL	12.584,60	0,7029	17.903,83
Beneficiario: ASOCIACION DE DANO CEREBRAL SARELA **NIF:** G15775604 **Cod. Exp.:** 2025000055434 **Obxecto:** AP-3: Información, Orientación e Asesoramento a persoas e familias con Dano Cerebral Adquirido	40.000,00	0,4000	100.000,00

Solicitudes	Importe subvención	Coef	Pto. Subvencionado que se ha xustificar
Beneficiario: ASOCIACION DE LUCHA CONTRA ENFERMEDADES DEL RIÑON **NIF:** G15058647 **Cod. Exp.:** 2025000054352 **Obxecto:** AP-3: SIO. SERVIZO DE INFORMACIÓN E ORIENTACIÓN SOCIAL	25.857,00	0,7674	33.694,29
Beneficiario: ASOCIACION DE SARCOMAS GRUPO ASISTENCIAL **NIF:** G02936938 **Cod. Exp.:** 2025000054249 **Obxecto:** AP-3 Programas de información/orientación e asesoramento en distintas materias. Xestión de casos.	17.335,64	0,8000	21.669,55
Beneficiario: ASOCIACION ESPAÑOLA CONTRA EL CANCER **NIF:** G28197564 **Cod. Exp.:** 2025000057045 **Obxecto:** AP-3: SERVIZO DE TRABALLO SOCIAL: INFORMACIÓN E ORIENTACIÓN SOCIAL	24.782,00	0,7000	35.402,86
Beneficiario: ASOCIACION FAMILIARES ENFERMOS DE ALZHEIMER E OUTRAS DEMENCIAS DE FISTERRA E SONEIRA (AFAFES) **NIF:** G70510565 **Cod. Exp.:** 2025000051756 **Obxecto:** AP-1: Programa de prevención da dependencia e promoción da autonomía persoal para persoas con enfermidade de Alzheimer ou outras demencias neurodexenerativas e as súas familias	26.520,00	0,6550	40.488,55
Beneficiario: ASOCIACION GALEGA DE ASPERGER (ASPERGA) **NIF:** G70043435 **Cod. Exp.:** 2025000054929 **Obxecto:** AP-3 Programas de información/orientación e asesoramento en distintas materias.	14.520,26	0,7900	18.380,08
Beneficiario: ASOCIACION GALEGA DE ESCLEROSE LATERAL AMIOTROFICA **NIF:** G70217500 **Cod. Exp.:** 2025000055635 **Obxecto:** AP-3: Programa estruturado de orientación, apoio, asesoramento, acompañamento e coordinación profesional.	15.837,26	0,8000	19.796,58

Solicitudes	Importe subvención	Coef	Pto. Subvencionado que se ha xustificar
Beneficiario: ASOCIACION GALEGA DE LINFEDEMA AGL **NIF:** G36479103 **Cod. Exp.:** 2025000055460 **Obxecto:** AP-1: Terapias de rehabilitación, tratamento de mantemento de fisioterapia especializado	8.393,38	0,8000	10.491,73
Beneficiario: ASOCIACION GALEGA DE LUPUS (AGAL) **NIF:** G15614084 **Cod. Exp.:** 2025000052460 **Obxecto:** AP-3_ Servizo de información e orientación a persoas con Lupus e a súa contorna	2.545,50	0,3267	7.791,55
Beneficiario: ASOCIACION GALLEGA CONTRA LA FIBROSIS QUISTICA **NIF:** G15088396 **Cod. Exp.:** 2025000055541 **Obxecto:** AP-1: Programa de fisioterapia respiratoria para persoas con Fibrose Quística da área de A Coruña	8.619,00	0,6842	12.597,19
Beneficiario: ASOCIACION GALLEGA CONTRA LAS ENFERMEDADES NEUROMUSCULARES ASEM GALICIA **NIF:** G36925691 **Cod. Exp.:** 2025000052801 **Obxecto:** AP-1: Terapias de rehabilitación. Programa de rehabilitación integral para persoas con Enfermidades Neuromusculares da provincia da Coruña	1.394,54	0,8000	1.743,18
Beneficiario: ASOCIACION GALLEGA DE AFECTADOS POR TRANSPLANTES MEDULARES **NIF:** G70370713 **Cod. Exp.:** 2025000054674 **Obxecto:** AP-3 Programas de información/orientación: Informar e sensibilizar ó conxunto da sociedade sobre o proceso de doazón de medula ósea	15.558,18	0,8000	19.447,73

Solicitudes	Importe subvención	Coef	Pto. Subvencionado que se ha xustificar
Beneficiario: ASOCIACION GALLEGA DE HEMOFILIA **NIF:** G15220577 **Cod. Exp.:** 2025000054525 **Obxecto:** AP-3 Programas de información/orientación e asesoramento en distintas materias: Servizo de Atención e Información Permanente (SAIP).	3.503,75	0,7999	4.380,24
Beneficiario: ASOCIACION GALLEGA DE TRANSPLANTES AIRIÑOS **NIF:** G15727902 **Cod. Exp.:** 2025000053746 **Obxecto:** PC-1 foros, charlas, publicacions e charlas de sensibilización: Fomento da doazón de órganos	2.803,68	0,7481	3.747,73
Beneficiario: ASOCIACION PARKINSON FERROL **NIF:** G15851280 **Cod. Exp.:** 2025000049650 **Obxecto:** AP-1: Abordaxe multidisciplinar en persoas afectadas pola enfermidade de Parkinson	18.691,56	0,8000	23.364,45
Beneficiario: ASOCIACION PARKINSON GALICIA **NIF:** G15582224 **Cod. Exp.:** 2025000055623 **Obxecto:** AP-1: Tratamentos de rehabilitación, PROGRAMA DE FISIOTERAPIA PARA PERSOAS DIAGNOSTICADAS DE PARKINSON, FAMILIARES E COIDADORES	26.520,00	0,4000	66.300,00
Beneficiario: FEDERACION ALCER GALICIA **NIF:** G70474556 **Cod. Exp.:** 2025000055133 **Obxecto:** AP-3: Come Con Alcer. Programa de acompañamento nutricional para persoas con enfermidade renal crónica.	16.575,00	0,7452	22.242,35
Beneficiario: FEDERACION GALEGA DE DANO CEREBRAL **NIF:** G70191051 **Cod. Exp.:** 2025000054762 **Obxecto:** PC-2: MELLORAR A CAPACITACIÓN INTEGRAL DAS PERSOAS CON DCA E DAS SÚAS CONTORNAS MEDIANTE ACCIÓNS FORMATIVAS	26.065,10	0,7445	35.010,21

Solicitudes	Importe subvención	Coef	Pto. Subvencionado que se ha xustificar
Beneficiario: FEDERACION GALEGA DE ENFERMEDADES RARAS E CRONICAS **NIF:** G70218128 **Cod. Exp.:** 2025000055810 **Obxecto:** AP-3: Servizo de Acollida (Programas de información/orientación e asesoramento en distintas materias)	24.000,00	0,3591	66.833,75
Beneficiario: FEDERACION GALLEGA DE ASOCIACION DE DIABETICOS **NIF:** G15749005 **Cod. Exp.:** 2025000054640 **Obxecto:** PC-2 Programas formativos, xornadas técnicas, seminarios, congresos ou cursos: REALIZACIÓN DO PROGRAMA "CAMIÑOS DE SAÚDE"	16.163,39	0,8000	20.204,24
Beneficiario: FUNDACION ANDREA DE APOYO A LOS NIÑOS CON ENFERMEDADES DE LARGA DURACION, CRONICAS O TERMINALES **NIF:** G70058961 **Cod. Exp.:** 2025000057108 **Obxecto:** AP-1:Becas de Soporte Vital para familias con nenos enfermos e con escasos recursos económicos.	9.345,00	0,2703	34.572,70
Beneficiario: FUNDACION DEGEN **NIF:** G56031859 **Cod. Exp.:** 2025000056653 **Obxecto:** AP-1: Terapias de rehabilitación: PROGRAMA DE TERAPIAS COMPLEMENTARIAS ONLINE PARA PA-CIENTES DE PARKINSON	18.124,72	0,3500	51.784,91
Beneficiario: LIGA REUMATOLOXICA GALEGA LOITA CONTRA O REUMATISMO **NIF:** G15552987 **Cod. Exp.:** 2025000055978 **Obxecto:** PC-1 Charlas, foros, publicación e campañas de sensibilización	11.463,20	0,7375	15.543,32

Número de solicitudes concedidas: 28
Total concedido: 499.965,49 €.

Segundo.- Considerar como definitivos os orzamentos modificados de oficio naqueles casos que incluían gastos non subvencionables segundo a convocatoria. Os solicitantes poden consultar os orzamentos definitivos accedendo ao expediente telemático.

Terceiro.- Autorizar ás entidades que o solicitaron para que poidan concertar a execución do obxecto da subvención con persoas vinculadas á entidade, cumprindo os requisitos establecidos nas bases reguladoras desta convocatoria e no artigo 29.7.d da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de

subvencións (O importe subvencionable non pode exceder do custo incorrido pola entidade vinculada. A acreditación do custo realizarase na xustificación nos mesmos términos establecidos para a acreditación dos gastos do beneficiario).

Cuarto.- Dispor o gasto das subvencións concedidas con cargo á seguinte aplicación orzamentaria: 0611/23121/481, por importe de: 499.965,49 €

Anular o saldo sobrante no documento contable A e no correspondente RC, por economía na concesión das subvencións

Quinto.- Denegar a concesión das subvencións correspondentes ao Programa FOCVAA: Programa de subvencións a entidades sen ánimo de lucro para o mantemento de programas sociosanitarios durante o ano 2026, aos entidades sen animo de lucro seguintes:

Solicitudes	Motivo
Solicitante: ASOCIACION DE CELIACOS DE GALICIA A.C.E.G.A. **NIF:** G15675960 **Cod. Exp.:** 2025000056982 **Obxecto:** Atención, Divulgación e Formación á poboación con celiaquía	O orzamento subvencionable non alcanza o mínimo requirido segundo as bases da convocatoria. Non son subvencionables os gastos de FACEMOVIL: Os gastos de desenvolvemento dunha aplicación é un investimento. A aplicación non é da entidade polo que tampouco se pode financiar o mantemento da dita aplicación. A Federación de Asociaciones de Celíacos de España indica na súa páxina web que a aplicación para a que solicitan financiamento é gratuíta para as persoas socias das asociacións integradas .
Solicitante: ASOCIACION FIBRO VISIBLES **NIF:** G75451617 **Cod. Exp.:** 2025000055166 **Obxecto:** PROxECCIÓN COMUNITARIA DE CARÁCTER PREVENTIVO, INFORMATIVO E DIVULGATIVO DIRIXIDO A ENFERMOS DE FIBROMIALXIA, FAMILIARES E POBOACIÓN EN XERAL	A entidade non contestou en prazo ao requirimento de emenda da solicitude
Solicitante: ASOCIACION WEST GALICIA **NIF:** G70419940 **Cod. Exp.:** 2025000057119 **Obxecto:** PROGRAMA WEST 2026	A entidade non contestou en prazo ao requirimento de emenda da solicitude

Número de solicitudes descartadas: 3

Sexto.- Publicar a presente resolución de concesión definitiva no Boletín Oficial da Provincia, co que se entenderá notificada aos interesados, de acordo co establecido no artigo 45.1.b. da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

De conformidade co establecido no artigo 40.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPACAP), infórmase de que a resolución anterior esgota a vía administrativa, de acordo co disposto no artigo 114.1) da LPACAP, polo que, en virtude do artigo 123 da referida norma, contra a presente resolución poderá interpoñer recurso potestativo de reposición ante o órgano que ditou o acto no prazo dun mes, contado a partir do día seguinte a aquel no que teña lugar a notificación, tal e como tamén preceptúa o artigo 52.1 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local. Neste caso non se poderá interpoñer

recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente o recurso potestativo de reposición ou se produza a desestimación presunta deste.

Así mesmo, a persoa interesada poderá interpoñer directamente contra a presente resolución recurso contencioso-administrativo, previsto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da Xurisdición contencioso-administrativa, no prazo de dous meses, contado a partir do día seguinte a aquel no que teña lugar a notificación, ante a Sección do Contencioso-Administrativo do Tribunal de Instancia que corresponda, de conformidade co disposto na devandita Lei e na disposición adicional primeira da Lei orgánica 1/2025, do 2 de xaneiro, de medidas en materia de eficiencia do Servizo Público de Xustiza.

Todo isto, sen prexuízo de que se poida exercitar calquera outro recurso que se estime pertinente.